



SITUACIÓN

Desde que sae con Iván, María non é a mesma. Xa non sae convosco, viste doutra forma, deixou de ensaiar co seu grupo, algo que lle encantaba... está tan namorada que só quere estar con Iván. Estadades un pouco enfadados/as con ela, por pasar tanto de vós. Con todo, o outro día vistes algo que vos fixo pensar: Iván colleuna fortemente do brazo no corredor e lle dixo que deixase de facer o parvo. No cambio de clase aproveitastes para preguntarlle se todo ía ben. Poñédevos no lugar de María.

Que pensades que vos contestará?

Poderá reconecer que o seu noivo está a maltratala? Por que?

Por que pensades que María cambiou tanto desde que está con Iván?

Desde que está con Iván, pensades que é máis feliz ou pensades que poida que estea máis triste? Por que?

Pensades que debedes axudar a María?

Que pensader que poderiades facer para axudar a María?

Valora o risco de sufrir violencia de xénero (0: ningún risco; 1: moi pouco risco; 2: algo de risco; 3: bastante risco; 4: moito risco; 5: risco extremo).

El cáelle ben a todos/as

Ela pensa que vale moito

Á súa familia el cáelle ben

Ela deixa as súas aficións

Pensa que só é un empurrón

Ela pensa que todo o que el fai é para protexela, porque ás veces é moi inxenua

Séntese con culpa co que pasa

Pensa que os ciúmes son algo normal nunha relación

Non deixa as súas amizades

Pensa que o amor ás veces doe

Ela pensa que el lle quere